

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 04.10.2019

Hora: 10:30

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 4 de outubro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 52720 (10/POC-008174)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Rodríguez Dacosta, Maria del Carmen
Sobre as medidas que vai adoptar a Consellería do Medio Rural en relación cos pagamentos por parte dos operadores intermediarios
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 514, do 31.07.2019
- 1.2 53443 (10/POC-008370)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre o cambio de criterio da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Alimentarias mencionado no segundo informe na declaración de impacto ambiental do proxecto de explotación da concesión derivada Xanceda número 7138, nos concellos de Frades e Mesía (A Coruña), promovido por Erimsa 2016/0201
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019
- 1.3 54818 (10/POC-008636)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre as razóns do cambio de criterio pola nova Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Alimentarias en relación co proxecto de explotación mineira promovido por ERIMSA nos concellos de Frades e Mesía, así como a posible incidencia da aprobación da concesión pola Dirección Xeral de Minas no obxectivo de acadar unha gandaría baseada na terra
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 529, do 12.09.2019
- 1.4 55272 (10/POC-008723)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego respecto das denuncias da veciñanza de Sobrado dos Monxes referidas ás molestias que lle están a ocasionar as balsas de lodos supostamente procedentes de estacións depuradoras existentes nos montes do concello
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 533, do 18.09.2019

- 1.5 55682 (10/POC-008775)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Gómez Salgado, Carlos e 6 máis
Sobre os obxectivos da creación e a posta en marcha por parte da Xunta de Galicia da Mesa da Limia para loitar contra a problemática dos residuos que xera a actividade agrogandeira na comarca, o grao de participación dos axentes interesados no proceso de elaboración do Anteproxecto de lei reguladora do sistema integrado para a xestión das dexecións gandeiras xeradas en Galicia e as outras medidas e actuacións previstas pola Consellería do Medio Rural para ese fin
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 538, do 27.09.2019

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 53044 (10/PNC-004221)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre a modificación dos prazos establecidos nas bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados ás fragas por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 517, do 05.08.2019
- 2.2 53976 (10/PNC-004297)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis
Sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, para avanzar decididamente en todo o relativo á constitución e funcionamento dos montes de varas, así como a regulación do rexistro público correspondente
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019
- 2.3 55717 (10/PNC-004433)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co desenvolvemento do proceso de concentración parcelaria nos núcleos 1, 2 e 3 da zona norte do concello de Agolada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 538, do 27.09.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.



O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2019

Daniel Vega Pérez

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Daniel Vega Pérez	P
Vicepresidenta	
Rosa Oubiña Solla	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

Vogais

Raquel Arias Rodríguez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Marcos Cal Ogando	GCE
Jackeline Elizabeth Fernández Macías	P
Carlos Gómez Salgado	P
Jesús Miguel Prado Patiño	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	M
Óscar Vilar Chento	S

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 52720(10/POC-008174)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Rodríguez Dacosta, Maria del Carmen

Sobre as medidas que vai adoptar a Consellería do Medio Rural en relación cos pagamentos por parte dos operadores intermediarios

Publicación da iniciativa, 514, 31.07.2019



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e María Carme Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

En Galicia, na actualidade, operan aproximadamente unhas 50 empresas intermediarias entre a explotación e a industria, polo que, unha cuarta parte do leite que se produce pasa polos primeiros compradores, unha actividade controvertida.

A existencia de operadores intermediarios que actúan entre os gandeiros e as industrias transformadoras de lácteos, comprándolle o leite aos primeiros e vendéndollo ás segundas, carece das garantías suficientes para os produtores, xa que estes intermediarios non teñen que depositar ningún tipo de aval ou garantía para o produto que moven. Este é un tema que se vén denunciando publicamente desde distintos ámbitos, e nos últimos meses acadou maior relevancia dado o número de non pagamentos aos gandeiros.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) É coñecedora a Consellería do Medio Rural dos non pagamentos por parte dos operadores intermediarios que están a sufrir os gandeiros e gandeiras de Galicia?

2ª) É coñecedora a Consellería do Medio Rural da cantidade que deben os operadores intermediarios aos gandeiros e gandeiras de Galicia?

3ª) Que medidas ten previsto adoptar a Consellería do Medio Rural para que non se produzan estes non pagamentos?

4ª) Por que estes operadores intermediarios non teñen que presentar ante a empresa transformadora ou a Consellería do Medio Rural un aval que garante os pagos?

5ª) Pode ser que a existencia destes primeiros compradores sexa unha das causas de que o prezo medio por litro de leite en Galicia sexa o máis baixo de todas as comunidades?

Pazo do Parlamento, 16 de xullo de 2019





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2019 12:18:26
Nº Registro: 52720
Data envío: 17/07/2019 12:18:26.104

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 15/07/2019 12:28:24

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/07/2019 12:28:42

CSX4 REGISTRO389w87TbJ4
Verificar
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 53443(10/POC-008370)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre o cambio de criterio da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Alimentarias mencionado no segundo informe na declaración de impacto ambiental do proxecto de explotación da concesión derivada Xanceda número 7138, nos concellos de Frades e Mesía (A Coruña), promovido por Erimsa 2016/0201

Publicación da iniciativa, 522, 30.08.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2019 10:39:18
Nº Rexistro: 53443
Data envío: 06/08/2019 10:39:18.683

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**.

A empresa norueguesa ERIMSA pretende levar a cabo proxectos de extracción de seixo nos concellos de Frades, Mesía, Oroso e Ordes.

Nestes momentos están en fase de exposición pública un proxecto extractivo na parroquia de Xanceda (Mesía), e tres permisos de investigación que afectarían ós concellos de Frades, Oroso e Ordes.

Estamos a falar dunha superficie de 6.721Has. de terras agropecuarias, na súa meirande parte, de primeira calidade, que sustentan case duascenas granxas das cales o 90% son de leite que dan ocupación directa arredor de cincocentas persoas.

O perigo real deste tipo de explotacións mineiras e a tenor do ocorrido noutras parroquias xa prospectadas e explotadas é o carácter irreversible ou no mellor dos casos custosa recuperación, en tempo e medios, da fertilidade das terras afectadas.

CSM-REXISTROX38CU0m74
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2019 10:39:18
Nº Rexistro: 53443
Data envío: 06/08/2019 10:39:18.683

Estamos a falar de terras agrarias que sufriron proxectos de concentración onde se investiron diñeiros do erario público na súa mellora e que se ven ameazados recibindo un lucro por hectárea exíguo.

Estes proxectos supoñen un pequeno molete de pan para hoxe e fame callada para mañá ó deixa-la terras en situación de aridez case permanente...

Así rezaba o argumentario principal dunha das preguntas parlamentarias rexistradas en 2017 e respostada unha delas en Comisión polo Dtor. Xeral señor Pérez Dubois quen, en nome do goberno galego, exhibiu un informe desfavorable da Dirección Xeral de Agricultura co que se daba como practicamente denegada a DIA do proxecto mineiro en cuestión.

Mais na Declaración de Impacto Ambiental do Proxecto de Explotación da Concesión Derivada XANCEDA N~ 7138 nos concellos de FRADES e MESIA (A CORUÑA), promovido por ERIMSA. 2016/0201, aparece mencionado un segundo informe emitido pola xa citada Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Alimentarias nas que muda de opinión e pasa a ser favorable ó proxecto con condicións.

Por todo o anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 7ª:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2019 10:39:18
Nº Registro: 53443
Data envío: 06/08/2019 10:39:18.683

Que razóns ou presións levan á Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Alimentarias a cambiar de criterio neste segundo informe a que alude a DIA ?

Santiago de Compostela, 06 de agosto do 2019

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/08/2019 10:37:08

Xosé Luis Bará Torres na data 06/08/2019 10:37:20

María Montserrat Prado Cores na data 06/08/2019 10:37:30

CSX: REXISTROX3aICU0m74
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2019 10:39:18
Nº Registro: 53443
Data envío: 06/08/2019 10:39:18.683

Noa Presas Bergantiños na data 06/08/2019 10:37:45

Olalla Rodil Fernández na data 06/08/2019 10:37:58

Ana Pontón Mondelo na data 06/08/2019 10:38:08

CSX: FEXYSTROX-03eCU0m74
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 04.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 54818(10/POC-008636)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as razóns do cambio de criterio pola nova Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Alimentarias en relación co proxecto de explotación mineira promovido por ERIMSA nos concellos de Frades e Mesía, así como a posible incidencia da aprobación da concesión pola Dirección Xeral de Minas no obxectivo de acadar unha gandería baseada na terra

Publicación da iniciativa, 529, 12.09.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 13:28:06
Nº Rexistro: 54818
Data envío: 02/09/2019 13:28:06.783



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.ª**.

O 1 de maio de 2017 a Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias emitiu un informe negativo sobre o proxecto promovido pola empresa ERIMSA de extracción de seixo, nos concellos de Frades e Mesía.

O informe era moi contundente e deixaba ben claro a incompatibilidade da actividade mineira proposta coa actividade agrícola e gandeira maioritaria na zona.

Manifestábase con rotunda claridade no informe preceptivo:

“Esta Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias non pode por máis que pronunciarse en contra do proxecto sinalado, ao considerar que os importantes efectos negativos que se causarían sobre a produción agrogandeira da zona, afectarían gravemente aos concellos de Mesía e Frades, por ser esta un alicerce fundamental da súa actividade económica, social e cultural, manténdose a devandita afectación negativa no tempo tras o remate das actuacións”.

“É por iso que desde a Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias rexeitamos o proxecto con rotundidade, e recomendamos que non se permita a realización dos traballos referidos”.

Tamén subliñaba que nas parcelas afectadas pola mina investíranse millóns de euros (20 millóns, só en Mesía) en concentracións parcelarias e outros 608.000 euros en axudas ás industrias agroalimentarias e para a comercialización dos seus produtos.

CSM-REXISTROFOPEnN9ss4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





Por iso vemos con sorpresa e desagrado a aprobación da concesión mineira 7138 mediante a resolución do Director Xeral de Enerxía e Minas, na que consta un cambio no informe da nova Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, nas que se rectifica o informe anterior por unhas medidas parciais e insuficientes, como son a exclusión das leiras de agricultura ecolóxica e a imposibilidade da expropiación forzosa.

Estas medidas non son suficientes para preservar os valores agrolóxicos dos solos dunha das zonas máis gandeira de Galiza, pois non preservan os solos que neste momento non están a ser utilizados para gandería ou agricultura pero que teñen potencial para ter ese uso no futuro.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta para resposta oral en Comisión:

- 1) Como explica o Goberno galego o cambio de criterio da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias?
- 2) Considera que con esta resolución, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, a Xunta de Galicia está a apostar por unha gandería baseada na terra, un dos obxectivos do Plan Estratéxico de Galicia?

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 13:28:06
Nº Rexistro: 54818
Data envío: 02/09/2019 13:28:06.783



Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 02/09/2019 13:25:14

Marcos Cal Ogando na data 02/09/2019 13:25:25

CSX: REXISTRO/FZEHN9s4
Validado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 55272(10/POC-008723)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego respecto das denuncias da veciñanza de Sobrado dos Monxes referidas ás molestias que lle están a ocasionar as balsas de lodos supostamente procedentes de estacións depuradoras existentes nos montes do concello

Publicación da iniciativa, 533, 18.09.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.^a**

Veciños de Sobrado dos Monxes levan tempo denunciando como en distintos puntos dos montes do concello se depositan grandes cantidades de lodos, viscosos e de intenso cheiro, teoricamente procedentes de estacións depuradoras, causando molestias importantes á veciñanza.

Hai balsas visibles a apenas un quilómetro en liña recta dos nacementos dos ríos Tambre e Mandeo. Outras están rodeadas de maleza.

De feito representan un perigo para a seguridade e cada tempada de caza cae nelas algún can. Mesmo fai un par de anos foi un cazador o que acabou mergullado nos lodos.

E mentres algúns depósitos están valados, outros só están cercados con arame. Hainos mesmo sen ningún tipo de peche.

Tamén existen desbordes das balsas e os lodos corren monte abaixo, ou mesmo se depositan en regos directamente no terreo, o que ocasiona escorrentías con potencial contaminante para os acuíferos.

Por todo o exposto o Grupo parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte pregunta para resposta oral en Comisión:





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2019 10:25:41
Nº Registro: 55272
Data envío: 09/09/2019 10:25:41.571

- Que actuacións ten acometido a Xunta de Galicia en relación a este asunto denunciado por veciños e veciñas de Sobrado dos Monxes?

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 09/09/2019 10:22:46

Marcos Cal Ogando na data 09/09/2019 10:23:40

CSX: REXISTRO571EwWMB9
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 55682(10/POC-008775)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Salgado, Carlos e 6 máis

Sobre os obxectivos da creación e a posta en marcha por parte da Xunta de Galicia da Mesa da Limia para loitar contra a problemática dos residuos que xera a actividade agrogandeira na comarca, o grao de participación dos axentes interesados no proceso de elaboración do Anteproxecto de lei reguladora do sistema integrado para a xestión das dexeccións gandeiras xeradas en Galicia e as outras medidas e actuacións previstas pola Consellería do Medio Rural para ese fin

Publicación da iniciativa, 538, 27.09.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2019 10:17:41
Nº Rexistro: 55682
Data envío: 13/09/2019 10:17:41.080

A Mesa do Parlamento

Carlos Gómez Salgado, Raquel Arias Rodríguez, Rosa Oubiña Solla, Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Jackeline E. Fernández Macías e Daniel Vega Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

A Limia é unha das comarcas agrogandeiras mais importantes de Galicia, tanto no sector agrícola como no gandeiro, sendo entre outras a base de provisión de Indicacións Xeográficas Protexidas tales como, Pataca de Galicia, Tenreira Galega, Pan de Cea ou Mel de Galicia. Situándose esta comarca ourensá como unha das principais zonas de Galicia de produción cárnica, e de outros derivados e aproveitamentos dos animais.

Así, as explotacións gandeiras representan unha das fortalezas da comarca, e son un dos grandes piares da economía comarcal, e mesmo provincial, con varios centos de milleiros de cabezas de gando, das que o redor de 75.000 corresponden a unidades de gando maior.

Con esta importante produción animal, na Comarca da Limia tamén se esta xerando un gran volume de xurros e puríns derivados das dexeccións animais, que en gran medida veñen sendo aproveitados como eficaces abonos e fertilizantes a prezos competitivos, que se teñen amosado como un subproduto altamente beneficioso para a actividade agrícola.

Con todo, hai varios factores que están alterando este equilibrio establecido entre os propios agricultores e gandeiros que supoñen riscos para o medio ambiente, a saúde, e mesmo tamén para a imaxe dos produtos de calidade da Limia.

O Grupo Parlamentario Popular comparte cos agricultores e gandeiros da Limia, asociacións ecoloxistas, organizacións sindicais, ou coas plataformas cidadáns, e mesmo tamén cos partidos políticos, a preocupación existente nesta comarca ourensán pola xeración e xestión de xurros das explotacións gandeiras.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSM-REXISTROEGALICIA
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2019 10:17:41
Nº Rexistro: 55682
Data envío: 13/09/2019 10:17:41.080**

A Xunta de Galicia constituíu recentemente a Mesa da Limia, na busca de solucións para poder chegar a consensos entre todos os sectores interesados, e de cara establecer canles de diálogo e achegas que dean resposta e solucións a esta problemática; A Xunta de Galicia, para acadar o máximo grao de consenso posible publicou ata o 15 do mes de setembro no portal de transparencia, unha consulta pública previa á elaboración e tramitación do anteproxecto de Lei reguladora do sistema integrado para a xestión das dexeccións gandeiras xeradas en Galicia.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulamos as seguintes preguntas:

- 1.- Cales son os obxectivos que persegue a Xunta de Galicia coa creación e posta en marcha da Mesa da Limia, órgano de participación creado para loitar contra a problemática dos residuos que orixina a actividade agrogandeira nesta comarca, ¿quen estaba presente na constitución da mesma e cal é o balance destes primeiros encontros?.
- 2.- Referente a Lei reguladora do sistema integrado para a xestión das dexeccións gandeiras xeradas en Galicia, ¿cal foi o grado de participación a través das súas alegacións dos axentes interesados, como asociacións de agricultores e gandeiros, sindicatos, ecoloxistas ou outros interesados nas achegas a esta redacción?
- 3.- Que outras medidas e accións se prevén dende a Consellería de Medio Rural na busca de solucións para a xestión e tratamento sustentable das dexeccións gandeiras xeradas en Galicia?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Carlos Gómez Salgado na data 13/09/2019 10:12:27

Raquel Arias Rodríguez na data 13/09/2019 10:12:41

Rosa Oubiña Solla na data 13/09/2019 10:12:59

Moisés Blanco Paradelo na data 13/09/2019 10:13:09

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2019 10:17:41
Nº Rexistro: 55682
Data envío: 13/09/2019 10:17:41.080**

Jesús Miguel Prado Patiño na data 13/09/2019 10:13:23

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 13/09/2019 10:13:39

Daniel Vega Pérez na data 13/09/2019 10:14:01

CSX:REXISTROEGHZV7U5
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 53044(10/PNC-004221)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a modificación dos prazos establecidos nas bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados ás fragas por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal

Publicación da iniciativa, 517, 05.08.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2019 13:04:33
Nº Rexistro: 53044
Data envío: 30/07/2019 13:04:33.623

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 22 de xaneiro de 2019 publícase a Orde de 19 de decembro de 2018 pola que se establecían as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados ás fragas por incendios, desastres naturais e catástrofes, en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia (PDR) 2014-2020 e que se convocaban para o ano 2019.

-Establecíase o prazo dun mes para presenta-las solicitudes o que nos situaba no 23 de febreiro.

-No DOG do 15 de Xullo saen publicadas as axudas que foron concedidas.

-A partir de esta data os beneficiarios teñen que enviar, no prazo de 10 días, un documento coas actuacións que pensan levar a cabo.

CSM-REXISTROBNGw7SSXB
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csw/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2019 13:04:33
Nº Rexistro: 53044
Data envío: 30/07/2019 13:04:33.623

-Os labores non poderán iniciarse mentres os servizos da Consellería de Medio Rural non informe favorablemente. Non consta prazo algún para a emisión deste informe.

-Os beneficiarios teñen ata o 31 de Outubro para face-los traballos aprobados na axuda.

Deste xeito e maneira estamos situados en pleno outono cando o período máis perigoso de incendios xa pasou, polo menos en teoría.

Os labores de prevención deben ser feitos en tempo, antes da ameaza dos lumes e antes de se converteren en combustible fácil, nunca se poderán facer despois do paso do lume.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Comisión :

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

-- Modificar os prazos establecidos nas bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados ás fragas por incendios, desastres naturais e catástrofes, en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal, de xeito que se resolvan todo máis tardar antes do 31 de maio para así a facer os labores de prevención no tempo apropiado para os mesmos.”

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2019





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2019 13:04:33
Nº Registro: 53044
Data envío: 30/07/2019 13:04:33.623

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 30/07/2019 13:02:57

Xosé Luis Bará Torres na data 30/07/2019 13:03:13

María Montserrat Prado Cores na data 30/07/2019 13:03:19

Noa Presas Bergantiños na data 30/07/2019 13:03:29

Olalla Rodil Fernández na data 30/07/2019 13:03:38

Ana Pontón Mondelo na data 30/07/2019 13:03:48

CSX4_FIEYXJSTR0BI0W75SX99
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 53976(10/PNC-004297)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis

Sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, para avanzar decididamente en todo o relativo á constitución e funcionamento dos montes de varas, así como a regulación do rexistro público correspondente

Publicación da iniciativa, 522, 30.08.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2019 09:47:37
Nº Rexistro: 53976
Data envío: 21/08/2019 09:47:37.733

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Raquel Arias Rodríguez, Rosa Oubiña Solla, Carlos Gómez Salgado, Jackeline Fernández Macías e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión 7ª; Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

Exposición de motivos:

Tal e como establece a Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia, os montes denominados de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo son aqueles conservados en pro indiviso cuxas persoas copropietarias, sen prexuízo de realizaren en común aproveitamentos secundarios, tiñan ou manteñen o costume de se reuniren para repartir entre eles porcións determinadas de monte ou senras para o seu aproveitamento privativo, asignacións que se fan en tantos lotes como partícipes principais veñen determinados polos títulos ou polo uso inmemorial, e cuxa adxudicación se decide pola sorte, tamén sen prexuízo da subdivisión das senras así asignadas conforme as adquisicións hereditarias ou contractuais.

Así mesmo, e de ser o caso, a división das devanditas terras e a consecuente extinción da copropiedade farase de acordo co costume, e, non existindo este, farase de acordo coa presunción de igualdade de cotas referida no parágrafo segundo do artigo 393 do Código civil.

A diferenza dos montes en man común, serían comunidades de tipo romano caracterizadas consuetudinariamente polo reparto en cotas entre os propietarios que nun principio correspondían ao tanto de renda que tería que pagar cada casa do total do canon foral, e ademais para o seu recoñecemento actual dita propiedade debe estar documentada sendo os veciños ou propietarios consorciados “antigos e de solar coñecido”, estando cada un deles en condicións así de vender, ceder ou transmitir a súa parte aos seus herdeiros.

Deste xeito, desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos que estamos nun momento moi oportuno para avanzar regulamentariamente na xestión sustentable dos montes de varas, conforme a súa multifuncionalidade ambiental, económica, social, cultural e patrimonial, que sen lugar a dúbidas favorecerá o desenvolvemento socioeconómico e a fixación da poboación no medio rural.

CSM-REXISTROXERAL-Entrada
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2019 09:47:37
Nº Rexistro: 53976
Data envío: 21/08/2019 09:47:37.733**

Do mesmo modo, a promoción e o fomento das copropiedades titulares de este tipo de montes permitirá facilitar a planificación e a execución da súa axeitada xestión.

E por último, resulta imprescindible a existencia dun rexistro público que permita dispoñer, de maneira permanente, integrada e actualizada, toda a información precisa para o axeitado desenvolvemento destes montes na Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que, a través da Consellería de Medio Rural, e antes e que remate o ano 2019, proceda a realizar as xestións oportunas para avanzar decididamente en todo o relativo a constitución e funcionamento dos montes de varas, así como a regulación do rexistro público correspondente”.

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 21/08/2019 09:41:05

Moisés Blanco Paradelo na data 21/08/2019 09:41:22

Jesús Miguel Prado Patiño na data 21/08/2019 09:41:44

Raquel Arias Rodríguez na data 21/08/2019 09:42:07

Rosa Oubiña Solla na data 21/08/2019 09:42:19

Carlos Gómez Salgado na data 21/08/2019 09:42:32

Daniel Vega Pérez na data 21/08/2019 09:42:44



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 55717(10/PNC-004433)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co desenvolvemento do proceso de concentración parcelaria nos núcleos 1, 2 e 3 da zona norte do concello de Agolada

Publicación da iniciativa, 538, 27.09.2019



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, José Manuel Pérez Seco, María Carmen Rodríguez Dacosta e María Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

As concentracións parcelarias de 8 parroquias da zona norte do concello de Agolada en Pontevedra levan esperando desde o ano 2002, a que se rematen. A realidade é que nesta área territorial xa hai traballos feitos cun investimento de máis de 800.000 euros, como o estudo de impacto medioambiental, medición de fincas, levantamentos topográficos, etc.

Estas concentracións divídense en dous núcleos:

- Núcleo 1: que abrangue as parroquias de Agra, Sexo, Baiña e Val cunha superficie de 1469 hectáreas.
- Núcleo 2: que abrangue as parroquias de Berredo, Eidián, Basadre e Ramil cunha superficie de 2130 hectáreas.

Nestes dous núcleos faltarían as parroquias de Sexto e Brocos (núcleo 3), para as que durante o ano 2018 se recolleron sinaturas que concluíron que o 90 % dos propietarios de terras nestas dúas parroquias demandan tamén o inicio da concentración parcelaria.

Tratase de parroquias cun minifundismo extremo. Hai casos nos que 25 hectáreas chegan a repartirse en máis de 220 parcelas, o que fai moi complicado o aproveitamento de ao redor de 470 hectáreas de terreo agrícola que están inutilizadas. Esta cuestión é especialmente grave dado que estamos a falar da reorganización dunhas terras, situadas a maior parte delas na ribeira do río Ulla, que conforman un espazo moi fértil e válido para a produción de forraxes con cultivos como o millo ou os mirasoles.

Ademais sería un proxecto sinxelo, xa que das máis de 5.000 hectáreas que abarcan, hai xa preto dunhas 1.102 hectáreas localizadas en pequenos núcleos que xa están aparcadas ou pertencen a montes comunais, e de especial interese estratéxico, dado que nestas parcelarias existe unha





destacada actividade gandeira, como a Granxa Sueiro, recoñecida polo seu labor a favor da sustentabilidade.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1ª) Que durante o ano 2019 dispoña os medios orzamentarios para reiniciar os traballos do proceso de concentración parcelaria nos núcleos 1 e 2, da zona norte do concello de Agolada, iniciada no ano 2002 e paralizada no 2010.

2ª) Que durante o ano 2019 dispoña os medios orzamentarios para iniciar os traballos do proceso de concentración parcelaria no núcleo 3, da zona norte do concello de Agolada.

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 13/09/2019 16:25:18

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/09/2019 16:25:36

María Luisa Pierres López na data 13/09/2019 16:25:48

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/09/2019 16:26:04

